



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE REORDENACION DO PASEO DAS CAROLINAS E DO PARQUE GARCÍA BAYÓN NO CONCELLO DE RIBEIRA.

En Santiago de Compostela, a 22 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, José Juan Durán Hermida, presidente de Portos de Galicia, con domicilio a efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, de 15707 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.g) da Lei 6/2017 do 12 de novembro, de Portos de Galicia.

Doutra parte, D. Manuel Ruíz Rivas, Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza do Concello, s/n, 15960 Ribeira, A Coruña, facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

O Concello de Ribeira, en base a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está interesado na remodelación da fachada marítima *waterfront* da vila de Ribeira coa unión da infraestrutura existente da Avenida do Malecón e o Paseo das Carolinas, e Parque García Bayón, no concello de Ribeira.

Este proxecto conleva actuacións destinadas á adaptación do peche portuario en coordinación coa interconexión porto-vila, deixando garantidos os procesos da actividade portuaria, do control de lonxa, de estacionamentos autorizados, accesos restrinxidos en caso de emerxencias, coordinación co municipio dos servizos e instalacións de alumeadado, canalizacións de redes de subministro de enerxía eléctrica e outros servizos como rede de sumidoiros dentro da zona de interacción porto-vila; eliminación de verteduras incontroladas nas dársenas portuarias e conexión á rede municipal; posibilidade de adoptar espazos que optimizan a ubicación de actividades portuarias relacionadas coa pesca e os seus pertreitos (redes e outros).

O obxectivo fundamental deste proxecto, redactado pola enxeñeira municipal, Dña Uxía Landeira Pereira, é reordenar a o Paseo das Carolinas e o Parque García Bayón, dando preferencia ao peatón fronte ao tráfico rodado e conferíndolle aos viais o carácter urbano que lle corresponde. Contemplase ademais a execución dun carril bici para intentar unir o existente no Paseo de Touro co do Paseo de Coroso, dando así continuidade ao mesmo ao longo de toda a fachada marítima do casco urbano.



As actuacións mais importantes a realizar serán as seguintes:

- No Parque García Bayón:
 - Demoler un tramo de beirarrúa exterior que o circunda
 - Substituír o pavimento existente, excepto na zona do parque infantil
- No Paseo das Carolinas:
 - Manter un único carril de circulación en dirección saída de Ribeira.
 - Ampliar a xardineira central existente.
 - Reordenar a marxe dereita, colocando unha banda de aparcamentos en batería e deixando o resto de espazo resultante para uso peonil.
 - Instalar un carril bici por toda a marxe esquerda do Paseo das Carolinas.

O prazo de execución de obra ascende a 5 meses. O presuposto de execución material ascende a cantidade de 402.638,04 euros IVE excluído e o presuposto de execución por contrata ascende a 579.758,52. euros IVE incluído.

No artigo 8 da devandita Lei 6/2017 dispónse que entre as funcións que asumirá Portos de Galicia está o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación portuaria e a construción portuaria.

A entidade pública Portos de Galicia dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia segundo o artigo 8 da súa Lei 6/2017, ten por obxecto o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións. Con este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos e en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia, así como a ordenación e instrumentación dos sistemas de interconexión dos portos coas vilas.

Esta actuación suporá un efecto positivo tanto para a vila coma tamén para o porto, xa que esta infraestrutura ofrecerá un servizo engadido aos usuarios e ó medio ambiente ao ser unha actuación de carácter sostible e resultará beneficiosa para a explotación portuaria das instalacións de Ribeira.

Por todo isto, as Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución das actuacións descritas e que discorren polo dominio público portuario, formalizando o presente convenio con arranxo ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Ribeira e Portos de Galicia no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario de remodelación da fachada marítima do Concello de Ribeira coa unión mediante carril bici da infraestrutura existente no Touro coa do Coroso no concello de Ribeira, Paseo das Carolinas, Parque García Bayón dentro do proxecto de **“REORDENACION DO PASEO DAS CAROLINAS E DO PARQUE GARCÍA BAYÓN NO CONCELLO DE RIBEIRA”**, redactado en maio de 2017 pola enxeñeira municipal, D^a. Uxía Landreira Pereira, que se anexa a este convenio.

SEGUNDA. COMPROMISOS DE PORTOS DE GALICIA

Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.- A financiación, das obras definidas tecnicamente no proxecto, por un orzamento de execución de contrata, que ascende a 479.139,27 euros IVE excluído, conforme ás seguintes anualidades e con cargo a partida orzamentaria “ Pavimentos, calzadas e vías de circulación” código numérico 01248/62208 coa seguinte distribución por anualidades:

2019: 239.569,63 euros IVE excluído

2020: 239.569,64 euros IVE excluído

2.-Adxudicar e contratar as obras dos proxectos de referencia.

3.- Autorizar a execución das obras dos proxectos de referencia, podendo supervisar en calquera momento a súa execución.

4.- Autorizará ao Concello de Ribeira para a intervención nos terreos que ocupan as obras para o cumprimento das súas obrigas derivadas deste convenio.

5.- Nin as anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio, supoñen alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios de xestión e explotación afectados vinculados aos fins portuarios, manténdose a prevalencia da competencia portuaria.





TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE RIBEIRA

Coa sinatura do presente convenio, O Concello obrígase á:

1.- Por encomenda de xestión de Portos de Galicia, á licitación e dirección das obras definidas tecnicamente no proxecto, por un orzamento de execución de contrata, que ascende a 479.139,27 euros IVE excluído, conforme ás seguintes anualidades:

2019: 239.569,63 euros IVE excluído

2020: 239.569,64 euros IVE excluído

2.- As obras de referencia executadas en dominio público portuario a Portos de Galicia, quedarán estas, por efecto directo deste convenio, incorporadas de pleno dereito ao dito dominio e formando parte da zona de servizo do porto de Ribeira adscrito para a súa xestión a Portos de Galicia.

3.- Así mesmo, o Concello expedirá todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras, sen tributo, prezo ou exacción reguladora algunha contra Portos de Galicia-Administración autonómica.

4.- Prestar auxilio e colaboración na vixilancia das instalacións portuarias obxecto do presente convenio, denunciando ante a entidade pública as posibles infraccións administrativas, sen que isto implique cesión de competencias ou patrimonial de ningún tipo

5.- Unha vez rematadas as obras de « **REORDENACION DO PASEO DAS CAROLINAS E DO PARQUE GARCÍA BAYÓN NO CONCELLO DE RIBEIRA** », Portos de Galicia procederá á recepción das obras con citación do Concello de Ribeira e en todo caso, comunicará ao Concello de Ribeira a recepción destas. Tal comunicación significará o nacemento automático das obrigas asumidas polo Concello neste Convenio .A tal efecto a recepción sen protesta da devandita comunicación supón o recoñecemento do bo estado das obras.

6.- En función do ritmo de execución das obras, poderá procederse a recepcións parciais das mesmas cos mesmos efectos que se recollen no parágrafo precedente.

7.- A intervención do Concello de Ribeira nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente documento non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia, nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto do convenio.

8.- En virtude deste convenio, os terreos de titularidade municipal que se identifican no proxecto singularizado das obras obxecto deste convenio, se adscriben a Portos de Galicia, que acepta a adscrición, quedarán afectados ao servizo público portuario integrados de pleno dereito no patrimonio propio de Portos de Galicia, ao abeiro do previsto nos artigos 71 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas e 25 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 23 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia. A adscrición acadará plena eficacia co levantamento da acta de





comprobación do replanteo das obras co contratista conforme ao artigo 236 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. Para tal efecto, a dito acto comparecerá un representante do Concello de Ribeira e outro de Portos de Galicia.

CUARTA. ENCOMENDA DE XESTION AO CONCELLO DE RIBEIRA

1. Revelouse preciso por razóns operativas, de eficiencia e de urxencia que a actividade material e técnica consistente na adxudicación das obras do Proxecto de **REORDENACION DO PASEO DAS CAROLINAS E DO PARQUE GARCÍA BAYÓN NO CONCELLO DE RIBEIRA**, se realice a través dunha relación xurídica pública de carácter bilateral pola que a licitación e dirección das obras, a realice o Concello de Ribeira.
2. A realización da devandita actividade non supón transferencia da titularidade nin do exercicio das competencias do órgano encomendante, que ditará cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.
3. Por canto antecede, e de conformidade co artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no marco do presente convenio, acordan a correspondente encomenda de xestión que se rexerá ademais de polas cláusulas deste convenio, polas específicas seguintes:
4. A presente encomenda de xestión ten por obxecto realizar as seguintes actividades:
 - a) Concello de Ribeira licitará e dirixirá as obras contempladas no Convenio.
 - b) *Afectará á realización das actividades administrativas inherentes á licitación e tramitación do expediente de contratación publica ata a fase inmediata a resolución de adxudicación das obras e terá o seguinte réxime económico e financeiro: O abono do importe das obras contempladas no concurso realizaraas directamente Portos de Galicia ao adxudicatario conforme ao orzamento das obras e ás anualidades fixadas neste convenio, e aos prazos e requisitos contemplados no prego de condicións do concurso o cal se axustará á Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, á Lei de Portos de Galicia e demais normativa portuaria, e resto de normas que resulten de aplicación.*

Para o abono das obras, o contratista xirará as correspondentes facturas en tempo e forma a Portos de Galicia a través do sistema de facturación electrónica da Xunta de Galicia, SEF.

- c) Os actos preparatorios da licitación e execución das obras serán realizados polo Concello de Ribeira, conforme á Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público. Actos tales como a supervisión técnica do proxecto das obras, os replanteos, a aprobación dos estudos e plans de seguridade das obras, a dirección facultativas das obras, a emisión das certificacións de obras.



- d) A encomenda realizada en virtude do presente convenio, non produce cambio da titularidade da competencia, nomeadamente da competencia prevalente portuaria.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Dentro do prazo de quince días a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo aquelas actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A Comisión de seguimento estará integrada por dous vogais, un nomeado polo Concello de Ribeira, e outro nomeado pola EPE Portos de Galicia.

SEXTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas, cumprir coas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio; deste xeito, a subscripción do convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta destas desenvolvan as actividades obxecto do convenio, excluindo a posibilidade de esixir responsabilidades directas, indirectas ou subsidiarias polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SÉTIMA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1.- Fronte a terceiros: Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, o Concello de Ribeira responderá dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio, perante a súa duración e ata a súa liquidación definitiva.

2.- A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.





Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Ribeira terá a consideración de interesado nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

OITAVA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior, o Concello de Ribeira e a EPE Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

NOVENA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia da EPE Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción do convenio:

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por



esta causa conlevará a indemnización dos prexuízos causados, que taxaranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

3.- No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

- Remataranse as obras orzamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar.
- No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas por causa imputable ao Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.
- En todo caso con carácter previo á súa liquidación as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións fixando un prazo improrrogable para terminalas.
- O Concello de Ribeira resolverá a mutación demanial acordada a favor de Portos de Galicia, cesando a afectación dos bens de titularidade municipal ao servizo público portuario coa subscripción da correspondente acta.

4.- Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

DÉCIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e regularase polo establecido neste, e supletoriamente polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no artigo 4 da antedita lei, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

UNDÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-





O artigo 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, establece a duración máxima dos convenios en catro anos agás que normativamente se prevea un prazo superior. Este fundamento normativo, para o prazo superior deste convenio, está constituído polo artigo 57.5 da Lei sectorial 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, que ampara este tipo de convenios durante o tempo que sexa preciso. Neste caso dada o obxecto e finalidades das obras o tempo preciso establécese no dito período de 15 anos, tendo en conta os efectos no tempo das relacións xurídicas dimanantes do convenio.

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por un período de 15 anos, que poderá ser obxecto dunha prórroga por un prazo de cinco anos máis.

No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula Novena.

DUODÉCIMA.- MODIFICACION DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscríbese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

**O PRESIDENTE DE PORTOS DE
GALICIA**

**O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE RIBEIRA**

-José Juan Durán Hermida-

-Manuel Ruiz Rivas-